



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A responsabilidade patrimonial por razóns de carácter urbanístico. Os supostos indemnizatorios

CONVOCATORIA: Convocatoria Consello Consultivo

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	24
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	2

DATA MATRÍCULA: Do 20/03/2025 - 09:00h ao 26/03/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso ten como obxectivo a formación práctica nos supostos indemnizatorios por razóns urbanísticas, comprendendo todas aquelas actuacións nas que as AAPP deberán indemnizar -ou non- aos particulares por actos e disposicións en materia urbanística, e en definitiva polo exercicio das súas competencias nesta materia.

A materia presenta especial interese científico e técnico para aquel persoal funcionario que preste servizos nos departamentos de Urbanismo, Obras Públicas, Infraestruturas ou nos servizos de instrucción e tramitación de reclamacións de responsabilidade patrimonial.

A formación será esencialmente práctica, e consistirá no análise de cada suposto indemnizatorio contemplado na lei, e os requisitos que deben darse para apreciar a existencia de responsabilidade de acordo coa normativa aplicable e a xurisprudencia que a desenvolve.

O coñecemento desta materia redunda no mellor exercicio da profesión.

DESTINATARIOS

Habilitados nacionais e empregados públicos da Administración local galega, dos subgrupos A1 e A2 e equivalentes.

PROGRAMA

- T1. O Consello Consultivo de Galicia. Organización, funcionamento, e réxime xurídico.
- T2. Os supostos indemnizatorios. Regulación, característica e requisitos.
- T3. Responsabilidade por modificacións de planeamento. Fóra de ordenación.
- T4. As vinculacións singulares
- T5. A modificación ou extinción da eficacia dos títulos administrativos habilitantes de obras ou actividades determinadas polo cambio sobrevido da ordenación territorial ou urbanística
- T6. A anulación dos títulos administrativos habilitantes de obras ou actividades, a demora inxustificada no seu outorgamento e denegación improcedente.
- T7. A ocupación de terreos destinados pola ordenación territorial e urbanística a dotacións públicas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 26/05/2025 a 19/06/2025

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 23/06/2025 ás 17:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Proba final en liña.

T02

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 23/09/2025 a 17/10/2025

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 22/10/2025 ás 16:30h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Proba final en liña.